*De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas. Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.*

*Por todo isto, o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo:*

*1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.*

*2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).*

*3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025".*

Dona Paula engade que o outro día a Xunta aprobou que no caso de que non vaia adiante a exención ou a supresión das taxas do Goberno central e se aplique a subida a Xunta asumirá o 60% da mesma.

Don Xurxo di que a moción defende o indefendible, que SOGAMA é un modelo de xestión absolutamente fracasado, que tiña que ter uns obxectivos do 50% de reciclaxe e agora mesmo ten o 21%. e que o único que fan é enterrar lixo e queimar lixo. E agora, como é ineficiente temos que pagar a todos os galegos para seguir queimando máis lixo. O PP fixo un plan, o plan 2010-2020, que ian facer microplantas de reciclaxe, puntos en todas as localidades e agora sacou un sistema novo, un plan 23-30, que non pactou con ningún e que ninguén sabe de que vai e que non cumpre con nada e por iso el vai votar en contra.

Don Sergio toma a palabra e lee o texto que a continuación se transcribe *"antes de entrar a analizar a moción quere facer dous apuntes.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Dis na moción que a Fegamp fixo oídos sordos a secundar ás alegacións que a Xunta presentou á lei estatal de residuos. Non estamos dacordo ca actitude de facer oídos sordos pero por ambas partes, porque a Xunta aprobou a Lei do Ciclo da Auga pola que se lle graba aos concellos e fixo oídos sordos ás alegacións da FEGAMP que lle pedía que non castigara máis aos Concellos.*

*Falas na moción do Fondo de Cooperación Local. Para que non o saiba o fondo de cooperación local é coma un POS da Xunta para facer investimentos nos Concellos. E a Xunta sempre acude a el cada vez que lle quere quitar algo aos concellos. Cando foi das velutinas competencia da Xunta usou os cartos deste fondo para financiala. Agora ca subida de SOGAMA que financiar parte con ela. Ao final seguen sacándolle cartos aos concellos dunha maneira ou outra.*

*Agora entrando na moción, non estamos dacordo con esta subida de impostos, máis cando sabemos que Sogama non vai perder cartos. Segundo os datos oficiais da web de sogama os ingresos que vai ter no ano 2024 pola venda de enerxía van subir un 81,31% alcanzando case 1 millón de euros. A pesar do sobrecuste que supón o pago do novo imposto estatal SOGAMA prevé seguir obtendo beneficios anuais por un valor de 300.000 euros. Pero ademais, como este imposto estatal está cedido á Xunta pola Lei 36/2022 que modifica a lei que gestiona o réxime de cesión de tributos do Estado á CCAA de Galicia, quen o vai cobrar é a Xunta. Así que, que vai facer a Xunta con este diñeiro recadado? Por que non o destina para compensar os sobrecustes de SOGAMA e así non cargar aos Concellos?*

*Queredes esixir ao Goberno Central que dea marcha atrás e non cobrar este novo imposto. Vale. Estamos dispostos a aprobar a moción pero cunha salvidade, propoñemos cambiar o terceiro punto da vosa moción e que diga simplemente "3- Esixir a Sogama que non aplique a suba prevista."*

A Alcaldesa di que hai unha subida de 68 a 108 euros a tonelada de lixo e dona Paula di que non se vai repercutir, porque o 60% o vai asumir a Xunta, e dona Sandra di que o van quitar do Fondo de Compensación e dona Paula di que iso non o saben.

Don Manuel di que o punto terceiro esta condicionado aos outros, e dona Paula di que ela o entende igual.

Deciden emendar a moción cuxo acordo queda redactado do seguinte modo:

*1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).*

*3.- Esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025.*

Don Xurxo di que el se abstén, porque non está de acordo co modelo de xestión.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

Votos a favor: 11

0 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 1

1 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

**MOCIÓN DO GRUPO *MIXTO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS***

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo mixto BNG, en data 9 de setembro de 2024, rexistro de entrada 202499900000742, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2024/G010/000009

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

***“MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA O REXEITAMENTO DA SUBIDA DO CANON DE SOGAMA E POR UN NOVO MODELO DE XESTIÓN DE RESIDUOS***

*Don/Dona Xurxo Manuel Rodríguez Baña Portavoz do Grupo Mixto-BNG no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte MOCIÓN:*

*O anuncio da Xunta de Galiza do incremento do canon de SOGAMA para 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, suporía un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasaría dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Un auténtico sablazo e un atraco que merece unha resposta contundente por parte dos concellos.*

*No outono de 2022 a Xunta incluíu no borrador de orzamentos para 2023 a supresión da bonificación do 10% do canon para aqueles concellos que implantasen a recollida separada dos biorresiduos e repercutisen a bonificación nos recibos que paga a veciñanza. Logo dun rexeitamento xeneralizado en vésperas das municipais, Rueda anunciou no parlamento o incremento da bonificación até o 15% nos concellos con recollida separada de biorresiduos e quinto colector ou colector marrón, medida que se comezou a aplicar no ano 2023.*

*A mediados do ano 2024 a Xunta elimina a bonificación e incrementa o canon nun 30%, dos 68 aos 88 euros por tonelada (os concellos con bonificación do 15% pagaban 56 euros por tonelada).*

*E agora anuncia un novo taxazo para 2025 que elevaría a factura até os 108 euros (suponse que a medida se tramitará na lei de acompañamento dos orzamentos de 2025).*

*Desde o BNG consideramos que este incremento unilateral, desproporcionado e abusivo do canon aos concellos é consecuencia do fracaso estrepitoso do sistema*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*SOGAMA, baseado en solucións finalistas como a incineración e o depósito en vertedoiro, penalizados pola normativa europea de residuos.*

*A Xunta xustifica a necesidade deste incremento polo desfase nas contas de SOGAMA como consecuencia de decisións do goberno central, que tiveron unha repercusión de 21,3 millóns de euros nas contas da empresa en 2023.*

*Aínda que a Xunta procure escusas e xustificacións externas, a causa do desfase económico de SOGAMA e dos seus números vermellos é a ineficiencia e o elevado custo do transporte, a xestión centralizada e a incineración de residuos, e, sobre todo, o erro que supón optar en exclusiva pola opción absolutamente superada da incineración.*

*O modelo de Sogama é obsoleto, centralizado e antiecolóxico, como demostra o feito de que Galiza se sitúe á cola en reciclaxe, lonxe aínda dos criterios que marca Europa, pois a porcentaxe de reciclaxe en Sogama no 2020 foi do 21%, cando a UE marcaba case o 50%. Somos a segunda peor comunidade do Estado en cifras de reciclaxe, xa que o propio plan da Xunta prorrogado até 2022, establecía a necesidade de tratar mediante compostaxe 245.000 toneladas cando a cifra oficial de 2022 apunta a que só se chegou ás 3.000.*

*En lugar de abrir un debate sobre a cuestión dos residuos e introducir cambios no sistema de xestión para adaptado ás esixencias da directiva marco de residuos, a Xunta opta por facerlle pagar aos concellos o fracaso dun sistema centralizado, obsoleto, moi custoso e antiecolóxico.*

*A Xunta opta pola solución fácil dun novo sablazo aos concellos, seguindo coa súa especialidade de buscar culpables en lugar de propoñer solucións.*

*O novo taxazo anunciado para o 2025 (que levará o canon a 108 euros por tonelada), o que supón un incremento total de máis do 60% de media en poucos meses (o incremento é maior para os máis de 100 concellos que pagaban un canon bonificado de 56 euros por tonelada a cambio de implantar a recollida separada dos biorresiduos.*

*Para evitar esas perniciosas consecuencias para o Concello, O Grupo Municipal do BNG propón ao resto da corporación a adopción do seguinte* ***ACORDO:***

- *Rexeitamento aos taxazos de SOGAMA (o aprobado en xullo e o anunciado para 2025) que a Xunta de Galiza pretende aprobar.*
- *Instar a un xiro na política de residuos, primando e incentivando a recollida selectiva, a reutilización e a reciclaxe, fronte ao custoso e antiecolóxico*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*sistema SOGAMA baseado na incineración*

- *Solicitar creación dunha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP, para determinar as condicións do Canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano — e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galiza, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria, ou financiando modelos de xestión alternativos nos que se debe primar o tratamento de proximidade dos biorresiduos, con sistemas de compostaxe domiciliaria e comunitaria.*

*En Camariñas a 9 de Setembro*
*de 2024"*

Dona Paula di que que en Galicia, tamén esta o sistema do Barbanza ou o modelo de Nostián e que os concellos deciden a cal se acolle, e que dos 303 concellos que hai en Galicia, 295 están con Sogama, porque queren, e que do sistema de Sogama, en Europa hai 504 plantas con ese sistema. E que agora, ti me digas que hai que cambiar, que hai que buscar aforrar un 50% de lixo estudando outras fórmulas e concienciar a poboación, claro que si, pero don Xurxo contesta que o que o que hai que cambiar enteiro é o modelo de xestión e que noutros países teñen empresas parecidas a Sogama, pero coas taxas de reciclaxe dun 50%, ou máis e dona Paula di que para iso hai que empezar desde abaixo, que iso temos que facelo cada un, don Xurxo sinala que iso ten que ser impulsado pola Administración.

A Alcaldesa di que no caso do Concello de Camariñas pagamos mais que 14.000 euros. E imos pagar un 60% mais. Dona Paula di que o vai asumir a Xunta e a Alcaldesa contesta que o vai quitar do Fondo de Compensación.

Non habendo mais debate, procédese á votación co seguinte resultado:

**Votación**

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobada.

Despois da votación iniciase un debate entre dona Sandra e dona Paula, sobre o sentido do voto do grupo popular.

**MOCIÓN DO GRUPO *MIXTO BNG* PARA EXIXIR AO GOBERNO GALEGO A LICITACIÓN E EXECUCIÓN INMEDIATA DAS OBRAS DA AUTOVÍA AG-55 DA COSTA DA MORTE.**

Consta no expediente, a moción presentada polo representante do grupo mixto BNG, en data 19 de setembro de 2024, rexistro de entrada 202499900000775, procedéndose a votar a urxencia da mesma co seguinte resultado

Votos a favor: 12

1 GRUPO MIXTO – BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 0

0 GRUPO MIXTO – BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Aprobada a urxencia por unanimidade, procédese a lectura da moción que continuación se transcribe:

***"MOCIÓN DO GRUPO MIXTO BNG PARA EXIXIR AO GOBERNO GALEGO A LICITACIÓN E EXECUCIÓN INMEDIATA DAS OBRAS DA AUTOVÍA AG-55 DA COSTA***



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

***DA MORTE.***

*Don Xurxo Manuel Rodríguez Baña Portavoz do Grupo Mixto-BNG no concello de Camariñas, ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate no Pleno da corporación municipal a seguinte*

*MOCIÓN:*

*Exposición de motivos*

*A Costa da Morte leva moitos anos esperando a que as administracións executen unha autovía, que foi prometida, por activa e por pasiva, en cada unha das eleccións que se sucederon dende o ano 2003, ano no que se anunciou a súa construción, a raíz do afundimento do buque-lixo Prestige e da desastrosa xestión polos gobernos da época, ao incluírse xunto con outras infraestruturas no famoso Plan Galiza.*

*Despois de seis anos de parálise do proxecto, de abandono nos estantes da Axencia Galega de Infraestruturas, e sen que se tramitara a licitación dos contratos de obra dos tramos pendentes do Plan MOVE (Plan de Mobilidade e Ordenación viaria Estratéxica 2009-2015) aprobado pola propia Xunta e polo goberno que hoxe segue a dirixila, aparecen novidades nunha crónica que o Partido Popular empeñase en que sexa negra para os intereses da nosa comarca.*

*Neste mes, con motivo das iniciativas presentadas polo BNG no parlamento galego, interesándose polo remate das obras da autovía AG-55, anunciouse polos deputados do partido popular que a Xunta non ten intención de rematar este ano a Autovía AG-55, nin de licitar os tramos que faltan por executar, nin intención de executala como tal, senón que pretenden, non se sabe cando, substituíla por un corredor, de un só carril por sentido. A conselleira afirmou en sede parlamentar que tiñan preparado e xa sometido a información pública, non se sabe onde, un proxecto dun tramo de cinco quilómetros entre Salto e Calo, no concello de Vimianzo. Estes cambios da Xunta os proclaman, unha vez finalizadas as eleccións galegas, e despois de prometer nas mesmas, que ían rematar as obras da autovía a Fisterra.*

*O enésimo engano da Xunta gobernada polo PP á Costa da Morte é evidente, e os anuncios, manifestacións e declaracións de dirixentes da administración galega e de representantes políticos na comarca están nos anuarios e nas hemerotecas, a respecto deste proxecto da autovía AG-55, que leva esperando xa 21 anos a ser finalizada.*

*A día de hoxe, non existe ningún pronunciamento político do partido popular da comarca, sobre a intención da Xunta de provocar un novo agravio á Costa da morte, cuxa veciñanza non recibe o mesmo trato en investimentos de infraestruturas que si se realizan noutras zonas do noso país. O BNG considera que non se pode dar nin un paso atrás na*


Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*planificación inicial, nin respecto da autovía, nin das conexións entre Berdoias e Cee e co porto de Brens, todas elas incorporadas no PLAN MOVE, aprobado polo propio PP no ano 2010.*

*A Costa da Morte, non pode permanecer inmóbil e tragar cunha nova afronta da Xunta de Galiza á nosa comarca, como se nada ocorrese, e menos cando se trata dunha infraestrutura fundamental e vital para o desenvolvemento económico, para as comunicacións e para o transporte da bisbarra, necesaria tanto para conectar os parques empresarias e facelos máis atractivos e competitivos, como para facer máis segura as estradas nos desprazamentos en vehículos da veciñanza.*

*Ante este escenario terrible para os intereses da comarca, o Bloque Nacionalista Galego, entre outras medidas, convoca a todos os veciños e veciñas da Costa da Morte, a todas as asociacións, e a todos os partidos políticos a participar nunha andaina da dignidade, o día 26 de outubro, entre Cee e Berdoias para reivindicar que comecen xa as obras da autovía e para deixar ben claro que non imos tragar cun corredor da morte.*

*Por todo o exposto, precisamos e demandamos o apoio de todos os concelleiros e concelleiras da Costa da Morte, para exixirlle ao goberno da Xunta de Galiza no marco das súas competencias, as seguintes reivindicacións, polo que o pleno desta corporación ACORDA:*

*1.- Demandar á Xunta de Galiza o remate da autovía AG-55 e a conexión da mesma ao porto de Brens, tal e como se proxectou inicialmente no PLAN MOVE, e tamén co polígono industrial de Vimianzo.*

*2- Apoiar a andaina do día 26 de outubro para esixir a execución inmediata do tramo de autovía entre Salto e Berdoias*

*Camariñas, 19 setembro de 2024"*

A Alcaldesa pregunta dende onde é a andaina, e don Xurxo contesta que dende Cee ata Berdoias.

A Alcaldesa di que ela engadiría o corredor de Camariñas, porque o cruce de Vimianzo fai perder moito tempo e don Xurxo di que o corredor xa está incluído na moción, se ben a Alcaldesa pide que conste de forma mais clara.

Dona Paula di que hai que facer unha moción conxunta que non sexa partidista, e di que en outubro teñen unha reunión para o tema da autovía co tema dos orzamentos, e mentres non teña a reunión non sabe nada, pero que si que sabe que a autovía vaise facer nesta lexislatura, pero non sabe cando se vai empezar.

Emendase a moción para engadir o terceiro punto, quedando o acordo redactado do seguinte modo:



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*1.- Demandar á Xunta de Galiza o remate da autovía AG-55 e a conexión da mesma ao porto de Brens, tal e como se proxectou inicialmente no PLAN MOVE, e tamén co polígono industrial de Vimianzo.*

*2- Apoiar a andaina do día 26 de outubro para esixir a execución inmediata do tramo de autovía entre Salto e Berdoias*

*3.-Instar á Xunta de Galicia á execución do proxecto do corredor a Camariñas.*

Don Sergio propón que para o seguinte pleno pódese facer a moción conxunta, no caso de que non hai novidades e dona Paula contesta que si, que pódese facer unha xunta de portavoces para redactala.

Non habendo nais debate procédese á votación co seguinte resultado

**Votación**

Votos a favor: 9

1 GRUPO MIXTO - BNG

8 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Votos en contra: 0

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

0 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Abstencións: 3

0 GRUPO MIXTO - BNG

0 GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

3 GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Resultado: Maioría absoluta.

Estado: Aprobado

## PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO

### 8º.- DECRETOS DA ALCALDÍA:

Do Decreto Nº 596/2024, de data 24 de xullo ao Decreto 724/2024, do 23 de setembro.

### 9º.- DACIÓN DE CONTA DA RENDICIÓN 2º TRIMESTRE 2024

- Informe do período medio de pago.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Informe de morosidade.
- Dación de conta do estado de execución trimestral 2º trimestre 2024.

**10º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Dona Paula fai os seguintes rogos:

- Que se teña en conta o mal estado da estrada entre Arou e Santa Mariña e se estude a necesidade desa mellora.

- Que se instalen papeleiras no zona da Veleta de Camelle.

- Que se melloren as comunicacións no interior do Allo.

- Que se arranxen as múltiples deficiencias do Allo, alcantarillado, farolas rotas, arqueta sen tapa e a fonte.

- Que se pinten os pasos de peóns da Praza do Mercado que cruza cara ao cruceiro e o da rotonda de acceso ao muelle, onde está o Bar Percebe. Don Sergio contesta que iso é de Portos e a Alcaldesa di que no mes de outubro van a asfaltar os tramos deteriorados da estrada Vimianzo-Camariñas.

- Que nos informes o estado no que se atopa a a elaboración dos pregos do SAF. E Alcaldesa di que iso é unha pregunta, que o rogo sería que se licite o SAF.

Don Xurxo  fai os seguintes rogos:

- Que a rede de abastecemento de Camelle está nun estado lamentable e sobre todo o tramo da estrada principal, e non se lle pode dar presión, e roga que no POS se meta o arranxo.

- Hai un poste telefónico en Paizas que está a punto de caer. A Alcaldesa di que xa avisaron e don Xurxo di que hai outro poste en precario na Avenida Alcalde Juan Bautista.

Dona Paula fai as seguintes preguntas:

- Por que non se substitúen as bombillas fundidas do Paseo Marítimo? A Alcaldesa di que xa chegaron e van a empezar a substituír, pero xa colleron todo o stockage, pero están descatalogadas e chegara o momento no que non teñan reposto. Falan acerca do convenio con Portos para o mantemento.

Por escrito, constan as seguintes preguntas presentadas pola voceira do grupo popular en data 23 de setembro de 2024, rexistros de entrada 202499900000780 e 202499900000781.

- *"Con respecto ao estado de abandono do Complexo Aldea Madeira presentamos as seguintes preguntas para a súa resposta no pleno ordinario do mes de setembro:*



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

*Segundo consta na acta do pleno celebrado o 28 de xullo de 2023, a alcaldesa informaba que os pregos de licitación estaban feitos pero tiñan que aclarar a propiedade dos terreros. Neste sentido as preguntas son*

*1- Podería informanos sobre as características dos pregos?*

*2- Despois de máis dun ano aclarando a propiedade dos terreos, hai algunha novidade ao respecto?*

*3- Cando ten previsto sacar a licitación Aldea Madeira?*

*Nunha visita do Presidente da Deputación ao municipio, a alcaldesa de Camariñas agradeceu o apoio da*

*Deputación para o proxecto de Aldea Madeira.*

*4- En que consistiu a axuda da Deputación con respecto a Aldea Madeira?"*

A alcaldesa contesta que o prego o pode consultar e respecto da propiedade é un ben demanial dos Montes de Brañas Verdes, cunhas características especiais. A Alcaldesa di que a idea e sacalo como un alugueiro e que era unha escola taller que xa cumpriu a súa función. E dona Paula di que abandonouse e todos os cartos que custou se perderon.

Dona Paula e dona Sandra inician unha conversación sobre o estado de Aldea Madeira e o obxectivo que a mesma ten.

A Alcaldesa di que non sabe cando se sacara a licitación e respecto a axuda da Deputación contesta que os arquitectos da Deputación fixeron un proxecto do custo de terminar Aldea Madeira, que ten a súa disposición.

- *"Sábese algo da iniciativa privada que o parecer existía para instalar unha área de autocaravanas?*

*Hai algunha data prevista para a licitación do SAF?*

*Houbo algunha novidade con respecto ao SAF o acordo coas traballadoras ou sindicatos desde o último pleno?".*

A Alcaldesa, respecto da iniciativa para instalar un area de autocaravanas, di que non presentaron nada.

Respecto da licitación do SAF, a Alcaldesa contesta que están esperando a que UGT mande as denuncias, para rescindir o contrato con SOCISER e xa falaron coa algunha empresa, a que está en Vimianzo non está interesada, Reacteda si que esta, e non hai ningunha mais interesada. E engade que a licitación agora mesmo non é prioridade, que a prioridade é rescindir o contrato. E supón que tamén está a saír a sentenza, pero o problema está en se a sentenza vai a favor do Concello.

A Alcaldesa di que se rescindimos a SOCISER hai que buscar unha empresa que preste o



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

servizo e quedaría o servizo en fraude de lei.

Don Xurxo formula as seguintes preguntas:

- Se se analizo o contrato do SAF para rescindilo por incumprimento das obrigacións laborais, xa está contestada.

- O estado do recurso da empresa? A Alcaldesa di que o avogado lles ha dito que igual en outubro sae a sentenza, pero que se gaña o Concello é malo, porque non se lle vai a pagar a SOCISER, se agora sae a sentenza permitiría a actualización do IPC, e hai persoas que din que se poden darlle a razón porque a subida do IPC é desproporcionado, pero outros din que o prego era claro.

- Que porcentaxe de aseos e limpeza hai asignado? A Alcaldesa di que esas preguntas as poña por escrito e que as consulta con Junquera ou con María.

- Como se establece a prioridade de establecer aseos e limpezas? A Alcaldesa di que cre que é Junquera coa empresa, pero que esas cousas mais técnicas é mellor que as fale con ela.

- Cando a empresa asigna horas as traballadoras para un servizo, se despois o servizo se incumpre, porque a persoa foi de vacacións, a traballadora non cobra, eso está regulado? A Alcaldesa di que a traballadora é cousa da empresa e non sabe se está no prego. As traballadoras están contratadas por servizo e senón o prestan non cobra.

- Nos pavillóns de Camariñas e Ponte de Porto volve a entrar auga, e hai problemas de condensación, e pregunta se viron solucións. Don Fabian contesta que viron de por ventiladores, pero viron que hai pavillóns que os teñen e non funcionan.

- En canto ao paseo, ten táboas de madeira que están deterioradas e esta caendo xente continuamente, tedes algunha medida? A Alcaldesa contesta que cambiaron por formigón impreso algunhas partes e que irán cambiando as demais, para ter unha solución de por vida, e que se está facendo con cartos do Concello de Camariñas, dona Paula di que é normal porque é o mantemento e a Alcaldesa pregunta se iso é mantemento.

- Respecto da moción para o arranxo do parque e o entorno da escola infantil de Camelle, trasladouse á Xunta? A Alcaldesa di que o están mirando para por un solo novo e don Xurxo pregunta se pediron diñeiro á Concellería, pero que as mocións mándanse todas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 21:33 horas de todo o cal, levántase acta por min, que como secretaria da sesión, dou fe e



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

certifico.

Asinado dixitalmente, na data que figura ao marxe, pola Secretaria do Concello Eva Jardón López, co visto e prace da Alcaldesa Sandra Insua Rial

CVD: cCgNXAyWABrjbh+ESZRs
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na https://sede.camarinas.net.
O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público)